

A VILA DE CAMBADOS E RAMON CABANILLAS

Por M. HORTAS VILANOVA

Coa escusa das mariñeiras festas de O Grove, este barbas que escribe e que suscribe, chegou deica e mesma veira do Mar Tenebroso que decían os devanceiros—, na compañía do seu amigo e compañeiro Oriando Losadas Cortiñas, pra ser o pragueiro da romería. A parada en Cambados era un ha obriga que cumprimos moi gustosos e con fina vontade. Paseamos demoradamente pola vella vila mariñeira. E aínda oxe, pasados xa unhos cantos días, non nos apeamos do noso asombro. A fermosísima vila de Cambados no merece o trato que lle están dando, nin as brutás agresións que está a sufrir.

O que primeiro chamou a nosa atención fó o edificio ru que está ubicado —como diría un indiano auténtico—, o “Banco Zaragozano”, nunha rúa que aínda leva o nome de Fraga Iriobarno, que é unha aberración urbanística, tanto pola sua outura como pola sua estrutura.

Por si esto fora pouco a “Caja de Ahorros de Vigo” —se coñece que pra non ser menos— estaba rematando de escarallar ben escarallada, a fondo e a conciencia, unha das casas máis fermosas da vila, que está o pe do pazo municipal e onde a tal entidade vai a abrir unha sucursal e nunca mellor empregada a palabra. Esta casa, que era un prodixio de gracia, de armonía, de produción, de beleza, cos mármores funerarios que agora lle canganon na fachada do baixo, tapando a cantería, quedou feita un antixido. Coidamos lembrar que neste edificio había un vallo e



delicioso café, chamado “Café Félix”. Por certo quynoutro curioso es que, o ben visto, o actual alcalde de Cambados pertence a UG. O caso e que a parte trasira do moimento é un retrete, común ou escusado público, coas suas mexadas, as súas defecacións —que diría ún que sabe— e cos seus cheirumes. Pola parte dianteira e moimento está mutilado. Debaxo do medallón de bronce que representa a cabeza do poeta, existían unhas letras que decían ben claro: Cabanillas. Non sei quen fixo desaparecer a C do comezo e o S do remate. Agora lése: ABANILLA. Palavra que nos cheucou e scilprondeu a máis de ún,

Tamén nos achegamos a Feliñer pra visitar a casa natal de Ramón Cabanillas. Era unha casoupa homilidísima, dun andar, estreta, toda ela de cantería. O toldo está derrumbado totalmente e os cangos ó ar. Coiro que foi no ano mil novecientos setenta e cinco, con motivo do centenario do nacemento do poeta, cendo a chamada Real Academia Gallega —algo é algo— mandou poñer na fachada unha lápida conmemorativa. Oxe está valeiro o lugar que ocupaba a placa. Antincaronu brutalmente. Os autores da salvaxada, según me explicaron, foron os guerrilleiros eses que todos sabemos e coñecemos.

establecemento cambadés, chamado “Café Calixto”. Castelao dibuxara un persoa local: o cego Uxío, rodeado de ouvintes da sua música. Pensamos que este café tamén pechou, pois non poidemos dar con él. E matinamos que sería da obra de Castelao.

Paseando Cambados comprobamos que nunha das partes máis céntricas da vila ergueron casas de cinco e seis pisos, nunha rúa estreita e sin urbanizar.

Pra o máis grave de todo é como está o moimento o noso gran poeta nacional Ramón Cabanillas. Non se concibe tal desidia, tal abancuro, tal desinterés e tal aldraxe. O máis

Un —na súa humildade— saliu de Cambados tristeiro e cabreado. Non hai dereito a derramar e agredir a ninguén nin a nada e menos a unha vila tan fermosísima como é Cambados, nin a tratar como trataron o moimento e a casa natal de Ramón Cabanillas, o único poeta que tivo Cambados, e unha das grandes e poderosas voces que cantou entre nós e non so pra tribu dos galegos, senón que cantou pra toda a Humanidade, con maíuscula. Unha das cousas que compría facer urxentemente, ademais de restauralo, e mudar o lugar do moimento, sacalo do rincón do onde está e poñelo no medio e medio da Alameda, ou nos xardís que están a veira do mar.

En canto a “Caja de Ahorros de Vigo” había que facerlle voltar o seu ser e estado a casa que remata de derramar. E o menos que se lle pode esixir. O crime urbanístico que a “Caja de Ahorros de Vigo” cometeu contra Cambados, contra Galicia e os galegos, contra un rincullo do mundo, non se repara facendo auditorios e promocionando —previo o pago dos honorarios correspondentes— a conferenciantes bilingüistas, españois e autonomistas. E que non veñan retrucando con que a propiedade privada e sagrada e que si fixeron o que fixeron foi legalmente cón dólois permisos, licencias, autorizacións, sacramentos e indulxencias. A beza —e máis cando se trata de urbanística— é de todo o povo. Os mármores funerarios que oxe deslucen no baixo da casa a que nos referimos poden lucir moi ben, no seu día, sobre da tumba dos que ordenaron colocalos aí. Así non se desaproveita todo pois o gasto xa está feito. E simplemente unha idea.